

**GUÍA PARA AVALIAR
A ACTIVIDADE DOCENTE
DO PROFESORADO DA UDC
COMITÉS DE AVALIACIÓN
DOCENTE
(CAD)**

**Edición: 06
Data: 27/10/2021**

X convocatoria de implantación do Programa Docentia

Consideracións xerais

1. Na X convocatoria avalíase o quinquenio docente correspondente aos cursos académicos comprendidos entre o 2014/15 e o 2018/19.
2. Nesta convocatoria está a participar o seguinte profesorado:
 - a) O que até o momento non fose avaliado neste programa.
 - b) O que ten avaliado algún quinquenio comprendido entre o curso académico 2003/04 e o 2013/14 na I, II, III, IV, V ou VI convocatoria, e que non solicitase, até o momento, unha nova avaliación.
 - c) O que foi avaliado nas anteriores convocatorias sen obter unha avaliación positiva, sempre que cumpra o establecido no apartado 3 do *Manual para a avaliación da actividade docente do profesorado da UDC*.

As resolucións da Comisión Interna da Universidade (CIU) que recibiu o profesorado que foi avaliado en convocatorias anteriores están dispoñibles na aplicación. É preciso revisar se as propostas de mellora establecidas se cumpriron.

3. O manual do Programa Docentia e a convocatoria pódense consultar na páxina web da UTC co enderezo https://www.udc.gal/gl/utc/ferramentas_calidade/docentia.

4. A ligazón para acceder á aplicación informática a través da cal se realiza a avaliación é esta: <https://www.qdsug.es/docentia/udc>.

5. **É moi importante** que os membros dos Comités de Avaliación Docente (CAD) teñan en conta o seguinte:

- a) Tal como establece o manual (páxs. 16 e 17), o profesorado cuxo expediente non conteña a información necesaria e suficiente para que os CAD poidan avaliar o desempeño da súa actividade docente de maneira obxectiva, fiable e con garantías **quedará excluído do proceso de avaliación** cando isto se deba a algunha das seguintes circunstancias:

- O autoinforme do/a profesor/a non se axusta ao modelo que se establece neste programa (anexo III).
- O autoinforme do/a profesor/a (anexo III) non incorpora a información necesaria para poder valorar a súa actividade.
- Dous ou máis autoinformes presentan identidades substanciais no seu contido. **Neste caso quedará excluído do proceso todo o profesorado afectado ou implicado, que non poderá volver participar neste programa até transcorrerem dúas novas convocatorias.**
- O expediente do/a profesor/a non contén evidencias e indicadores suficientes para poder valorar a súa actividade docente (anexo I do manual).

O/a presidente/a do CAD comunicaralle á CIU a situación detectada. A CIU, despois de facer as comprobacións que procedan, de ser o caso, emitirá unha resolución motivada das causas da exclusión no proceso, que lle remitirá ao profesorado afectado. O profesorado dispón de 10 días hábiles para presentar unha reclamación perante a CIU.

De acordo con isto, a UDC solicítalles que, se no momento de realizar a avaliación individual, detectan algunha destas situacións, informen o/a presidente/a do CAD.

b) Tal como establece o Manual (páx. 23), **tanto os membros do CAD como este no seu conxunto teñen que establecer as accións de mellora (actividades de formación e innovación, cumprimento de obxectivos concretos etc.) que o/a profesor/a debe levar a cabo, agás que a valoración sexa de desempeño excelente.**

As accións débennlle axudar ao profesorado a detectar o punto débil e indicar o que se debe facer e para que, con exemplos, de ser o caso. As ditas accións estarán redactadas en infinitivo, en formato de listaxe, e nelas evítanse os xuízos de valor.

A continuación, preséntanse **algúns exemplos de accións de mellora:**

Acción de mellora de convocatorias anteriores	Proposta de nova redacción de acción de mellora
«Recoméndase incrementar o uso da plataforma Moodle»	«Empregar a plataforma Moodle como medio para, por exemplo, organizar as actividades da clase, colgar recursos e materiais, botar a andar foros de discusión, realizar cuestionarios, xerar avisos, compartir as cualificacións etc. Trátase, en definitiva, de que o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe teña lugar dun xeito dinámico, participativo e interactivo»
«Recoméndase incrementar os resultados»	«Mellorar as taxas de éxito (...), rendemento (...) e avaliación (...) desenvolvendo metodoloxías de ensino-aprendizaxe novidasas, confirmando que os criterios de avaliación son adecuados aos contidos e metodoloxías, e permiten medir a facilidade/dificultade con que o estudantado supera as materias»
«Recoméndase deseñar algún tipo de material»	«Deseñar ou escoller materiais ou recursos didácticos adecuados para facilitar o desenvolvemento e enriquecemento do proceso de ensino-aprendizaxe»
«Recoméndase mellorar no uso de recursos multimedia e contorno virtual»	«Empregar recursos audiovisuais ou informáticos para aumentar a eficacia das sesións expositivas, fomentar a participación e motivación do alumnado, desenvolver a creatividade, mellorar o proceso educativo e acadar unha formación de calidade»

c) **Se o/a avaliador/a detecta algunha evidencia duplicada, queda ao seu criterio escoller en que apartado a debe valorar, de xeito que se garanta sempre a ausencia de duplicidade.**

d) **Só se poderán considerar dentro da avaliación aqueles elementos que se apoien na evidencia documental correspondente.**

e) **O expediente do profesorado ten que contar, como mínimo, con dous informes de autoridades académicas, un da persoa responsable do centro e outro da persoa responsable do departamento. Se estes informes non recollen valoracións negativas, a súa puntuación debe ser a máxima: 10 puntos.**

Consideracións sobre as evidencias do profesorado

A continuación relaciónanse as evidencias/indicadores que figuran no anexo I do manual, xunto cunha serie de consideracións.

No anexo I desta guía figuran as puntuacións máximas que os/as avaliadores/as lle ~~poden~~ teñen que dar a cada unha das evidencias/indicadores.

I. Evidencias cuxos datos incorporou á aplicación a Unidade Técnica de Calidade

Aviso importante: ao comezo do proceso, a Unidade Técnica de Calidade (UTC) incorporou estas evidencias, as cales, ao figurar nas bases de datos da UDC, non teñen ligazón ao certificado/xustificante correspondente, teñen validez por si mesmas.

En caso de que o/a profesor/a incluíse algunha evidencia, da UDC ou doutras institucións, esta debe ter obrigatoriamente ligazón ao correspondente certificado/xustificante. Se detecta algunha duplicidade nalgunha das evidencias só as debe valorar unha vez.

Os datos que figuren nos certificados/xustificantes deben corresponderse tanto co quinquenio que se avalía como cos campos de cada unha das evidencias.

Evidencias/indicadores:

- Certificación da docencia recollida no Plan de organización docente (POD) da UDC
- Participación en tribunais de traballos de fin de grao ou de fin de mestrado, ou ben de proxectos de fin de carreira.
- Participación en tribunais de teses de doutoramento
- Dirección de traballos de fin de grao ou de fin de mestrado, ou ben de proxectos de fin de carreira

• Participación en órganos colexiados da UDC, xunta de centro, consello de departamento e/ou comisións delegadas en que se traten temáticas relacionadas coa innovación e a organización da docencia
--

Consideracións: incorporáronse todas as evidencias que foron remitidas desde os centros, os departamentos ou os servizos; algunhas delas non son de comisións directamente relacionadas coa innovación e a organización da docencia. Débense ter en conta unicamente os órganos colexiados estatutarios e as súas comisións delegadas. De xeito excepcional, a criterio do/a avaliador/a, pódense ter en conta outras comisións en consideración da súa relevancia para a innovación e a organización da docencia, de acordo coa reflexión que delas faga o/a profesor/a no seu autoinforme.
--

- Participación en programas de difusión/divulgación institucionais
- Participación no Plan de acción tutorial (PAT) (coordinador/a e/ou titor/a)
- Número de alumnado matriculado/alumnado matriculado de 1.ª matrícula en cada materia
- Taxa de éxito (alumnado aprobado/presentado) da materia, da titulación e da UDC
- Taxa de rendemento (alumnado aprobado/matriculado) da materia, da titulación e da UDC
- Taxa de avaliación (alumnado presentado/matriculado) da materia, da titulación e da UDC
- Teses de doutoramento dirixidas/codirixidas e que foron defendidas publicamente

- Docencia en inglés e/ou galego

Consideracións: só se engadiu a docencia en inglés e/ou galego que figura no POD do/a profesor/a. En ningún caso se terá en conta esta docencia cando se trate de ensinanzas que necesariamente se deben impartir nesa lingua, como por exemplo nas materias de lingua e literatura inglesa, aínda que o/a profesor/a a incorpore na reflexión do autoinforme.

A valoración desta evidencia acumúlase á valoración total que obtén o profesorado na dimensión de desenvolvemento do ensino (véxanse as notas ao pé do anexo I).

- Enquisa DA (ítems 1, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24)
- Organización/impartición de cursos de formación relacionados coa docencia universitaria do Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE), de 10 ou máis horas presenciais/virtuais
- Participación como alumno/a en cursos de formación do CUFIE de 10 ou máis horas presenciais/virtuais

- Participación en proxectos de aprendizaxe e servizo

Consideracións: a valoración desta evidencia acumúlase á valoración total que obtén o profesorado na dimensión de resultados (véxanse as notas ao pé do anexo I).

- Participación nos grupos de innovación educativa (GIE)

- Participación na elaboración dos MOOC

Consideracións: evidencia que se incorporou por primeira vez como mérito nesta convocatoria.

Ninguén entre o profesorado que se está a avaliar participou na I convocatoria que publicou a UDC, polo que non van dispoñer deste mérito.

II. Evidencias cuxos datos debía incorporar á aplicación o profesorado solicitante

Aviso importante: estas evidencias que incorporou o profesorado á aplicación **deben ter obrigatoriamente** a ligazón ao certificado/xustificante correspondente.

Os datos que figuren nos certificados/xustificantes deben corresponderse tanto co quinquenio que se avalía como cos campos de cada unha das evidencias.

- Certificación da docencia non recollida no Plan de organización docente (POD) da UDC (títulos oficiais de grao/mestrado que non se imparten na UDC, títulos propios, Universidade Sénior)

- Guías docentes do último curso académico en que impartiu cada materia

Consideracións: recoméndaselles aos membros do CAD que cando figuren guías docentes incompletas se lle propoña ao profesorado como acción de mellora cubrilas completamente.

- Participación en actividades de coordinación docente: responsable de campus de especialización, profesor/a responsable de titulación, coordinador/a de título (grao, mestrado e doutoramento), coordinador/a de curso, mención/especialidade e/ou módulo

Consideracións: pídeselles aos membros do CAD que teñan en consideración, á hora de puntuar esta evidencia, que o/a profesor/a debía achegar obrigatoriamente un certificado acreditativo da súa participación nas ditas actividades de coordinación docente.

- Participación en comisións doutras institucións relacionadas coa innovación e a organización da docencia universitaria

Consideracións: para avaliar estes méritos hai que fixarse na finalidade das comisións, os grupos, os paneis de expertos etc., xa que se o obxectivo da participación non é docente, senón que se trata de comisións de investigación e transferencia, non se deben ter en conta nesta avaliación.

Non se debe valorar a participación en comisións de selección de profesorado ou órganos de representación (Xunta de Persoal ou Comité de Empresa). Aínda que se reflexione sobre ela no contexto do autoinforme, non se terán en conta á hora de puntuar.

- Participación en programas ou en proxectos internacionais de cooperación financiados en convocatorias competitivas (Erasmus Mundus, IP, Accompanying measures, Tempus, Grundtvig, Jean Monnet, Edulink, Alfa, Cooperación con países industrializados, PCI-AECID, outros)

Consideracións: este apartado pode conter evidencias máis propias do ámbito da investigación. Queda a criterio do/a avaliador/a tomalas en consideración, mais se o obxectivo da participación non é docente, non se deben ter en conta nesta avaliación.

- Actividades desenvolvidas no ámbito das relacións internacionais: responsables de relacións internacionais do centro; titores/as académicos de intercambio e promotores/as de convenios que conducen a dobres titulacións ou títulos conxuntos (con certificado emitido polo/a secretario/a do centro)

Consideracións: é de destacar que esta evidencia se atopa limitada aos cargos que se mencionan, polo que as correspondentes son as únicas evidencias que deben ser puntuadas.

- Organización e participación en actividades de reforzo curricular (cursos cero, cursos de nivelación ou similar) e actividades de titorización para a materia

Consideracións: tal como se lle indicou ao profesorado na aplicación, as **actividades de titorización para a materia** son aquelas «actividades extra que o/a profesor/a realizou fóra do horario da clase e/ou titorías para lle axudar ao alumnado a superar a materia ou como complemento formativo a esta». En consecuencia, os membros dos CAD só deben ter en conta as que se axusten á esta definición ben na descrición da evidencia ou ben no correspondente apartado do autoinforme.

As **actividades de reforzo curricular (cursos cero, cursos de nivelación ou similar)** só se deben ter en conta se ademais de reflexionar sobre elas no autoinforme presentan a ligazón ao certificado emitido polo/a secretario/a do centro.

A valoración desta evidencia acumúlase á valoración total que obtén o profesorado na dimensión de desenvolvemento do ensino (véxase o anexo I).

- Materiais deseñados para o último curso académico en que impartiu cada materia

Consideracións: na xornada de formación indicóuselle ao profesorado que debía facer un esforzo de síntese para presentar unicamente un exemplo, por cada materia, a modo de mostra dos materiais que emprega como apoio do proceso de ensino-aprendizaxe. Pídeselles aos membros dos CAD que valoren este apartado en consecuencia e, por tanto, non se debe valorar a cantidade de materiais presentados, senón a súa calidade e adecuación á materia en que se utilicen.

Ademais, a aplicación informática ofrece dúas posibilidades de incorporación dos arquivos:

a) directamente, se non superan os 4 MB en cada «entrada»;

b) e mediante ligazón aos arquivos no OneDrive do/a profesor/a, se superan os 4 MB.

Como a aplicación non conta con ningún sistema de filtrado, hai casos en que se incorporaron varias entradas por materia en lugar dunha única comprimida. **De novo, ínstase os membros dos CAD a que só valoren a calidade do material e non a súa cantidade.**

- Utilización de Moodle ou doutras plataformas virtuais similares no último curso académico en que impartiu cada materia

Consideracións: neste apartado poden constar evidencias de:

a) **plataformas virtuais en sentido estrito** (por exemplo, Moodle UDC);

b) **outras ferramentas** empregadas polo profesorado na súa docencia.

Se o acceso a estas plataformas está restrinxido, como no caso do Moodle UDC, o profesorado ten que evidenciar o seu uso a través de capturas de pantalla. Xa que logo, só se deben ter en conta se, ademais de reflexionar no autoinforme sobre o fin para o cal as utilizan no proceso de ensino-aprendizaxe, consta a ligazón ás capturas de pantalla correspondentes.

- Participación como alumno/a en cursos de formación (do Centro de Linguas da UDC, do Servizo de Normalización Lingüística e/ou doutras institucións) e congresos e xornadas de innovación docente de **10 ou máis horas presenciais/virtuais**

Consideracións: o/a avaliador/a deberá realizar a valoración tendo en conta a participación do/a profesor/a, así como a finalidade, o ámbito e os criterios de calidade dos congresos e xornadas, amais da súa vinculación coa innovación docente.

Non se deben valorar os cursos etc. que teñan unha duración inferior a 10 horas presenciais ou virtuais.

- Organización e impartición de cursos relacionados coa docencia universitaria (do Centro de Linguas da UDC, do Servizo de Normalización Lingüística e/ou doutras institucións) de **10 ou máis horas presenciais/virtuais**

Consideracións: o/a avaliador/a deberá realizar a valoración tendo en conta a participación do/a profesor/a, así como a finalidade, o ámbito e a vinculación coa docencia dos cursos.

Non se deben valorar os cursos que teñan unha duración inferior a 10 horas presenciais ou virtuais.

- Contribucións a congresos e a xornadas de innovación docente

Consideracións: o/a avaliador/a deberá realizar a valoración tendo en conta a participación do/a profesor/a, así como a finalidade, o ámbito e os criterios de calidade dos congresos e xornadas, amais da súa vinculación coa innovación docente.

- Publicacións docentes: libros, manuais, monografías e publicacións de ámbito xeral da disciplina con finalidade docente (autoría, edición e avaliación)

Consideracións: o/a avaliador/a, como persoa experta na materia, debe ter en conta unicamente aqueles libros, manuais etc. que se **utilizan de forma directa na docencia**, e excluír os que son nitidamente do ámbito da investigación.

A valoración desta evidencia acumúlase á valoración total que obtén o profesorado na dimensión de resultados (véxase o anexo I).

- Premios e/ou recoñecementos de innovación docente

Consideracións: a valoración desta evidencia acumúlase á valoración total que obtén o profesorado na dimensión de resultados (véxase o anexo I).

- Participación en actividades relacionadas co bacharelato STEAM

Consideracións: evidencia que se incorporou por primeira vez como mérito nesta convocatoria. A resolución que regula a convocatoria experimental publicouse en xuño de 2018 (curso 2018/19) e abrangue dous cursos académicos, polo que o profesorado que participou nela non recibiu o certificado acreditativo até o curso 2019/20. Solicítaselle ao/á avaliador/a que valore esas certificacións a pesar de que a data non está comprendida no quinquenio que se avalía.

A valoración desta evidencia acumúlase á valoración total que obtén o profesorado na dimensión de resultados (véxase o anexo I).

- Estadías de mobilidade docente/formación en institucións de educación superior estranxeiras

Consideracións: neste apartado pode xurdir o mesmo conflito que en evidencias anteriores, en que a liña divisoria entre as finalidades docente e investigadora non está clara, é difusa. Por tanto, queda a criterio do/a avaliador/a, como experto/a, valorar as evidencias que se presenten atendendo á reflexión que o profesorado faga no autoinforme sobre as actividades desenvolvidas durante o programa de mobilidade/formación.

A valoración desta evidencia acumúlase á valoración total que obtén o profesorado na dimensión de resultados (véxase o anexo I).

No anexo I figuran:

1. a puntuación máxima por fontes de información (evidencias/indicadores, autoinforme, informe das autoridades académicas e cuestionario da docencia cuberto polo alumnado). Estas puntuacións son coherentes coa táboa 2, sobre dimensións e pesos da avaliación docente, recollida na páxina 15 do manual do Programa Docentia.
2. a puntuación máxima e as recomendacións, de ser o caso, para valorar cada unha das evidencias/indicadores.

Anexo I

Dimensión: planificación da docencia

1.1. ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DOCENTES						
1.1.1. ENCARGA DOCENTE						
PESO DAS EVIDENCIAS/INDICADORES Máximo 10 puntos					PESO DO ESTUDANTADO Máximo 10 puntos	PESO DO AUTOINFORME Máximo 10 puntos
Docencia recollida no POD da UDC	Docencia non recollida no POD (impartición de docencia en títulos oficiais de grao ou de mestrado universitario fóra da UDC, títulos propios e Universidade Sénior da UDC)	Participación en tribunais de traballos de fin de grao e de fin de mestrado, así como de proxectos de fin de carreira	Participación en tribunais de teses de doutoramento	Dirección de traballos de fin de grao ou de fin de mestrado, así como de proxectos de fin de carreira	Enquisa DA, ítem 14	Autoinforme
Máximo 5 puntos Teranse en conta: - número e a diversidade de títulos e materias en que imparte docencia; - e o número de horas impartidas.	Máximo 0,5 puntos	Máximo 1,5 puntos	Máximo 0,5 puntos	Máximo 2,5 puntos	Baremo: 10 puntos se a media é > UDC e > titulación 8 puntos se a media é > UDC e = titulación ou ao revés 6 puntos se a media é = a ambas 5 puntos se a media é > UDC e < titulación ou ao revés 4 puntos se unha é = e a outra < 2 puntos se é < ás dúas	Acadarase a máxima puntuación sempre que exista reflexión/xustificación respecto das evidencias/indicadores e a valoración do alumnado.

1.1. ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DOCENTES		
1.1.2. ORGANIZACIÓN DO ENSINO		
PESO DAS EVIDENCIAS/INDICADORES Máximo 10 puntos	PESO DO ESTUDANTADO Máximo 10 puntos	PESO DO AUTOINFORME Máximo 10 puntos
Guía docente do último curso académico en que impartiu cada materia	Enquisa DA, ítems 1, 5 e 10	Autoinforme
Máximo 10 puntos	Baremo: • 10 puntos se a media é > UDC e > titulación • 8 puntos se a media é > UDC e = titulación ou ao revés • 6 puntos se a media é = a ambas • 5 puntos se a media é > UDC e < titulación ou ao revés • 4 puntos se unha é = e a outra < • 2 puntos se é < ás dúas	Acadarase a máxima puntuación sempre que exista reflexión/xustificación respecto da evidencia/indicador e as valoracións do alumnado

1.1. ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DOCENTES

1.1.3. COORDINACIÓN CON OUTRAS ACTUACIÓNS DOCENTES

PESO DAS EVIDENCIAS/INDICADORES Máximo 10 puntos					PESO DO AUTOINFORME Máximo 10 puntos	PESO DOS RESPONSABLES ACADÉMICOS Máximo 10 puntos
Participación en órganos colexiados da UDC, na xunta de centro, no consello de departamento e/ou en comisións delegadas en que se aborden temáticas relacionadas coa innovación e a organización da docencia	Participación en comisións doutras institucións relacionadas coa innovación e a organización da docencia universitaria	Participación en actividades de coordinación docente: responsable de campus de especialización, profesor/a responsable de titulación, coordinador/a de título (grao, mestrado e doutoramento), coordinador/a de curso, mención/especialidade e/ou módulo	Participación en programas ou proxectos internacionais de cooperación financiados en convocatorias competitivas: Erasmus Mundus, IP, Accompanying measures, Tempus, Grundtvig, Jean Monnet, Edulink, Alfa, Cooperación con países industrializados, PCI (AECID), outros	Actividades desenvolvidas no eido das relacións internacionais (responsable de RR. II. do centro, titor/a académico/a de intercambio, promotor/a de convenios que conducen a dobres titulacións ou títulos conxuntos (con certificado do/a secretario/a académico/a do centro)	Autoinforme	Informe das autoridades académicas
Máximo 4 puntos Acadarase a máxima puntuación sempre que se asistise a todas as reunións ou as ausencias estean xustificadas.	Máximo 0,5 puntos	Máximo 3,5 puntos	Máximo 1 punto	Máximo 1 punto	Acadarase a máxima puntuación sempre que exista reflexión/xustificación respecto das evidencias, a valoración do alumnado e os informes das autoridades (neste último caso só se existen valoracións negativas).	Acadarase a máxima puntuación sempre que nos informes das autoridades académicas non figuren valoracións negativas.

1.2. PLANIFICACIÓN DO ENSINO E DA APRENDIZAXE EN RELACIÓN COAS MATERIAS IMPARTIDAS						
1.2.1. RESULTADOS DE APRENDIZAXE PREVISTOS	1.2.2. PLANIFICACIÓN DAS COMPETENCIAS, TAREFAS E ACTIVIDADES DOCENTES EN FUNCIÓN DOS CRÉDITOS ASIGNADOS E O TEMPO PREVISTO QUE DEBE INVESTIR O ESTUDANTADO			1.2.3. CRITERIOS E MÉTODOS DE AVALIACIÓN ACORDES COA METODOLOXÍA UTILIZADA POLO/A PROFESOR/A E CO PLANIFICADO		
PESO DO AUTOINFORME Máximo 10 puntos	PESO DAS EVIDENCIAS/INDICADORES Máximo 10 puntos	PESO DO ESTUDANTADO Máximo 10 puntos	PESO DO AUTOINFORME Máximo 10 puntos	PESO DAS EVIDENCIAS/INDICADORES Máximo 10 puntos	PESO DO ESTUDANTADO Máximo 10 puntos	PESO DO AUTOINFORME Máximo 10 puntos
Autoinforme		Enquisa DA, ítem 11	Autoinforme		Enquisa DA, ítems 18 e 19	Autoinforme
Acadarase a máxima puntuación sempre que exista reflexión/xustificación respecto deste elemento (1.2.1)	Valoración destes apartados na guía docente do último curso en que impartiu cada materia.	Baremo: • 10 puntos se a media é > UDC e > titulación • 8 puntos se a media é > UDC e = titulación ou ao revés • 6 puntos se a media é = a ambas • 5 puntos se a media é > UDC e < titulación ou ao revés • 4 puntos se unha é = e a outra < • 2 puntos se é < ás dúas	Acadarase a máxima puntuación sempre que exista reflexión/xustificación respecto das evidencias e a valoración do alumnado.	Valoración destes apartados na guía docente do último curso en que impartiu cada materia.	Baremo: • 10 puntos se a media é > UDC e > titulación • 8 puntos se a media é > UDC e = titulación ou ao revés • 6 puntos se a media é = a ambas • 5 puntos se a media é > UDC e < titulación ou ao revés • 4 puntos se unha é = e a outra < • 2 puntos se é < ás dúas	Acadarase a máxima puntuación sempre que exista reflexión/xustificación respecto das evidencias e a valoración do alumnado.

Dimensión: desenvolvemento do ensino

2.1. DESENVOLVEMENTO DO ENSINO				
2.1.1. ACTIVIDADES DE ENSINO-APRENDIZAXE REALIZADAS POLO PROFESORADO				
PESO DO AUTOINFORME Máximo 10 puntos	PESO DAS AUTORIDADES ACADÉMICAS Máximo 10 puntos	PESO DO ESTUDANTADO Máximo 10 puntos	PUNTUACIÓN ADICIONAL* PESO DAS EVIDENCIAS/INDICADORES Máximo 5 puntos	
Autoinforme	Informe das autoridades académicas	Enquisa DA, ítems 3, 6 a 9, 15 a 17	Organización e participación en actividades de reforzo curricular (cursos cero, cursos de nivelación ou similar) e/ou en actividades de titorización para a materia	Docencia en inglés e/ou galego (só se considera a docencia que consta no POD)
Acadarase a máxima puntuación sempre que exista reflexión/xustificación respecto das evidencias e indicadores, a valoración do alumnado e os informes das autoridades académicas (neste último caso se existen valoracións negativas), amais das evidencias/indicadores que puntúan a maiores.	Acadarase a máxima puntuación sempre que nos informes das autoridades académicas non figuren valoracións negativas.	Baremo: • 10 puntos se a media é > UDC e > titulación • 8 puntos se a media é > UDC e = titulación ou ao revés • 6 puntos se a media é = a ambas • 5 puntos se a media é > UDC e < titulación ou ao revés • 4 puntos se unha é = e a outra < • 2 puntos se é < ás dúas	Máximo 2,5 puntos	Máximo 2,5 puntos

* Non se inclúe na ponderación global. A súa puntuación acumúlase na valoración obtida na dimensión de desenvolvemento do ensino.

2. DESENVOLVEMENTO DO ENSINO							
2.1. DESENVOLVEMENTO DO ENSINO E AVALIACION DA APRENDIZAXE							
2.1.2. ACTIVIDADES CO ESTUDANTADO				2.1.3. MATERIAIS E RECURSOS PARA A DOCENCIA			
PESO DAS EVIDENCIAS/INDICADORES Máximo 10 puntos		PESO DO AUTOINFORME Máximo 10 puntos	PESO DAS AUTORIDADES ACADÉMICAS Máximo 10 puntos	PESO DAS EVIDENCIAS/INDICADORES Máximo 10 puntos		PESO DO ESTUDANTADO Máximo 10 puntos	PESO DO AUTOINFORME Máximo 10 puntos
Participación en programas de difusión/divulgación institucionais tales como: programas de difusión das titulacións, programa de recepción de alumnado de ensino medio nos centros, programa de divulgación científica da UDC e programas relacionados coa igualdade, a sustentabilidade, a vida saudable e a atención á diversidade		Participación no PAT (coordinador/a e/ou titor/a)	Autoinforme	Informe das autoridades académicas	Materiais deseñados para o último curso académico en que se impartiu cada materia Utilización de Moodle ou doutras plataformas virtuais semellantes durante o último curso en que impartiu cada materia	Enquisa DA, ítems 4 e 12	Autoinforme
Máximo 5 puntos		Máximo 5 puntos	Acadarase a máxima puntuación sempre que exista reflexión/ xustificación respecto das evidencias/ indicadores e os informes das autoridades académicas, en caso de que existan valoracións negativas.	Máximo 5 puntos É preciso incorporar, na aplicación informática ou no OneDrive un exemplo de material en todas as materias.	Máximo 5 puntos É preciso xustificar o uso do Moodle e/ou doutras plataformas virtuais semellantes cuxo acceso estea restrinxido mediante a incorporación, na aplicación informática ou no OneDrive, de capturas de pantalla.	Baremo: • 10 puntos se a media é > UDC e > titulación • 8 puntos se a media é > UDC e = titulación ou ao revés • 6 puntos se a media é = a ambas • 5 puntos se a media é > UDC e < titulación ou ao revés • 4 puntos se unha é = e a outra < • 2 puntos se é < ás dúas	Acadarase a máxima puntuación sempre que exista reflexión/ xustificación respecto das evidencias/ indicadores e a valoración do alumnado.

Dimensión: resultados

3.1. RESULTADOS EN TERMOS DE OBOECTIVOS FORMATIVOS						
3.1.1. LOGROS ACADADOS POLO ESTUDANTADO						
PESO DAS EVIDENCIAS/INDICADORES Máximo 10 puntos					PESO DO ESTUDANTADO Máximo 10 puntos	PESO DO AUTOINFORME Máximo 10 puntos
Número de alumnado matriculado/ alumnado matriculado de 1.ª matrícula	Taxa de éxito (alumnado aprobado/presentado)	Taxa de rendemento (alumnado aprobado/ matriculado)	Taxa de avaliación (alumnado presentado/ matriculado)	Teses de doutoramento dirixidas e que foron defendidas publicamente (non en proceso de elaboración)	Enquisa DA, ítems 20 a 23	Autoinforme
Máximo 2 puntos Débese valorar con 0 puntos se o número de alumnado matriculado de 1.ª matrícula é = ou > ao 50% do alumnado matriculado.	Máximo 2 puntos Baremo: • 2 puntos se é > UDC e > titulación • 1,75 puntos se é = nun dos casos e > no outro. • 1,5 puntos se é = nos dous casos • 1 punto se é < nun dos casos e > ou = no outro • 0,5 puntos se é < nos dous casos	Máximo 2 puntos Baremo: • 2 puntos se é > UDC e > titulación • 1,75 puntos se é = nun dos casos e > no outro. • 1,5 puntos se é = nos dous casos • 1 punto se é < nun dos casos e > ou = no outro • 0,5 puntos se é < nos dous casos	Máximo 2 puntos Baremo: • 2 puntos se é > UDC e > titulación • 1,75 puntos se é = nun dos casos e > no outro. • 1,5 puntos se é = nos dous casos • 1 punto se é < nun dos casos e > ou = no outro • 0,5 puntos se é < nos dous casos	Máximo 2 puntos	Baremo: • 10 puntos se a media é > UDC e > titulación • 8 puntos se a media é > UDC e = titulación ou ao revés • 6 puntos se a media é = a ambas • 5 puntos se a media é > UDC e < titulación ou ao revés • 4 puntos se unha é = e a outra < • 2 puntos se é < ás dúas	Acadarase a máxima puntuación sempre que exista reflexión/xustificación respecto das evidencias/indicadores e a valoración do alumnado.

3.1. RESULTADOS EN TERMOS DE OBXECTIVOS FORMATIVOS

3.1.2. RESULTADOS OBTIDOS TENDO EN CONTA A SATISFACCIÓN DO ESTUDANTADO E DO/A PROPIO/A PROFESOR/A

PESO DO ESTUDANTADO Máximo 10 puntos	PESO DO AUTOINFORME Máximo 10 puntos
Enquisa DA, ítem 24	Autoinforme
Baremo: • 10 puntos se a media é > UDC e > titulación • 8 puntos se a media é > UDC e = titulación ou ao revés • 6 puntos se a media é = a ambas • 5 puntos se a media é > UDC e < titulación ou ao revés • 4 puntos se unha é = e a outra < • 2 puntos se é < ás dúas	Acadarase a máxima puntuación sempre que exista reflexión/xustificación respecto das evidencias/indicadores e a valoración do alumnado.

3.2. REVISIÓN E MELLORA DA ACTIVIDADE DOCENTE: FORMACIÓN E INNOVACIÓN				
3.2.1. CAMBIOS E MODIFICACIÓNS PROPOSTOS POLO/A PROFESOR/A TENDO EN CONTA AS CARENCIAS DETECTAS NA PLANIFICACIÓN OU NO DESENVOLMENTO DAS ACTIVIDADES DOCENTES	3.2.2. ACTIVIDADES DE FORMACIÓN DESENVOLVIDAS POLO/A PROFESOR/A			
PESO DO AUTOINFORME Máximo 10 puntos	PESO DAS EVIDENCIAS/INDICADORES Máximo 10 puntos			PESO DO AUTOINFORME Máximo 10 puntos
Autoinforme	Participación como alumno/a en cursos de formación relacionados coa docencia universitaria (do CUFIE, do Centro de Linguas da UDC, do Servizo de Normalización Lingüística e/ou doutras institucións) e congresos e xornadas de innovación docente de 10 horas ou máis horas presenciais/virtuais	Organización/impartición de cursos relacionados coa docencia universitaria (do CUFIE, do Centro de Linguas da UDC, do Servizo de Normalización Lingüística e/ou doutras institucións e congresos e xornadas de innovación docente cunha duración de 10 ou máis horas presenciais/virtuais	Contribución a congresos de innovación docente	Autoinforme
Acadarase a máxima puntuación sempre que exista reflexión sobre este elemento (3.2.1).	Máximo 2 puntos Baremo: • 0,15 puntos por curso/congreso/xornada = 10 h • 0,25 puntos por curso/congreso/xornada de > 10 h e < 20 h • 0,5 puntos por curso/congreso/xornada de > 20 h	Máximo 4 puntos Baremo: • 1 punto por curso/congreso/xornada = 10 h • 1,5 puntos por curso/congreso/xornada de >10 h e < 20h • 2 puntos por curso/congreso/xornada de > 20 h	Máximo 4 puntos 1 punto por contribución	Acadarase a máxima puntuación sempre que exista reflexión/xustificación respecto das evidencias/indicadores.

3.2. REVISIÓN E MELLORA DA ACTIVIDADE DOCENTE: FORMACIÓN E INNOVACIÓN			
3.2.3. PUBLICACIÓNS DOCENTES	3.2.4. INNOVACIÓNS DESENVOLVIDAS		3.2.5. MOBILIDADE DOCENTE
PESO DO AUTOINFORME Máximo 10 puntos	PESO DAS EVIDENCIAS/INDICADORES Máximo 10 puntos	PESO DO AUTOINFORME Máximo 10 puntos	PESO DO AUTOINFORME Máximo 10 puntos
Autoinforme	Participación nos grupos de innovación educativa (GIE)	Autoinforme	Autoinforme
Acadarase a máxima puntuación sempre que exista reflexión/xustificación respecto das evidencias/indicadores que puntúan a maiores.	Máximo 10 puntos	Acadarase a máxima puntuación sempre que exista reflexión/xustificación respecto das evidencias/indicadores (incluída tamén a reflexión/xustificación das evidencias que puntúan a maiores).	Acadarase a máxima puntuación sempre que exista reflexión/xustificación respecto das evidencias/indicadores que puntúan a maiores.

PUNTUACIÓN ADICIONAL* PESO DAS EVIDENCIAS/INDICADORES Máximo 10 puntos						
3.2.3. PUBLICACIÓNS DOCENTES	3.2.4. INNOVACIÓNS DESENVOLVIDAS				3.2.5. MOBILIDADE DOCENTE	
Publicacións docentes: libros, manuais, monografías, publicacións de ámbito xeral da disciplina con finalidade docente (autoría, edición e avaliación)	Participación en proxectos de aprendizaxe e servizo	Premios e/ou recoñecementos de innovación docente	Participación na elaboración de MOOC	Actividades relacionadas co bacharelato STEAM	Estadías de mobilidade docente en institucións de educación superior estranxeiras	Estadías de formación en institucións de educación superior estranxeiras
Máximo 1,43 puntos	Máximo 1,43 puntos	Máximo 1,43 puntos	Máximo 1,43 puntos	Máximo 1,43 puntos	Máximo 1,43 puntos	Máximo 1,43 puntos

* Non se incluírá na ponderación global. A súa puntuación acumúlase na valoración obtida na dimensión de resultados.